**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17/10/2022 (Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**ARRU-CAR. 7/2020**
**Mª Cruz Cancelo Dominguez** **PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/10/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10-oct-2022, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2022/3548**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Mª Carmen Silva García, solicitando a instalación dun colector de lixo preto da súa vivenda en rúa Castillejos nº25. Visto o informe da empresa concesionario do servizo de recollida de lixo, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder á solicitude, non sendo posible instalar un colector máis preto da vivenda da solicitante por ser a rúa Castillejos moi estreita, e por ela non pasa ningún camión da recollida.

**PRP2022/3549**
Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso e/n Grupo Municipal Vilagarcía en Común, solicitando informe sobre a situación, cambio titularidade e uso do Balneario da Paria Compostela.
A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que na sesión plenaria celebrada o día dezaseis de abril de dous mil dez acordouse:

- Declarar a resolución/caducidade definitiva da concesión da explotación do servizo público das instalacións do Balneario, Parque e Praia Compostela que ostentaba PLACOMSA, en virtude do disposto nas sentenzas dictadas o 10 de xullo de 2008, 30 de outubro de 2008 e 23 de decembro de 2009 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cos efectos procedentes de acordo coa lei e o dereito.

Unha vez que sexa efectivo o expediente de modificación de crédito correspondente, levar a cabo o recoñecemento da obriga por parte da Xunta de Goberno Local tendente a aboar a indemnización pola resolución da concesión na contía de 223.275,14 € en virtude do acordo do Xurado de Expropiación de Pontevedra de 28 de marzo de 2006 e da sentenza de 30-10-2009, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e poñerase a disposición do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº 3 de Vilagarcía de Arousa a citada cantidade.

Así mesmo na Sesión da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2018 acordouse aceptar o prezo de 16.380,00€ de alleación, proposta pola Delegación de Ecomía e Facenda de Pontevedra, Secretaría Xeral de Patrimonio, en relación á superficie de uns 65 $m^2$ situados no Paseo Marítimo da Praia Compostela, sobre os que asenta parte do Balneario(redondo).

**PRP2022/3551**
Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso e/n Grupo Municipal Vilagarcía en Común solicitando información sobre gastos dos órganos de goberno durante o presente ano. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que os gastos dos órganos de goberno se aproban en Xunta de Goberno Local e figuran nas actas.

**PRP2022/3552**
Dáse conta do escrito presentado por Ana Mª Granja Guillán e/n Grupo Municipal do PP, solicitando información e acceso ao expediente de "Reforma Edificación para Albergue de Peregrinos en Carril", a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Granja Guillán, que ás prórrogas e certificacións da citada obra se aproban en Xunta de Goberno Local e polo tanto figuran nas correspondentes actas.

**PRP2022/3553**
Dáse conta da publicación ao Boletin oficial da Provinicia, do anuncio da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra polo que se convoca cuarta subasta dunha finca urbana en Vilagarcía de Arousa, situada en Trabanca Sardiñeira no punto coñecido por "Campo del Venticinco" na parroquia de Carril. Vivenda de protección oficial cun precio mínimo de licitación de 43.000,00€. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/3554**
Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Gómez López solicitando o pintado horizontal dos vados situados no nº6 e 8 da rúa Bosque dos Desamparados que se atopan parcialmente borrados. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunciar ó Sr. Gómez López que o mantemento do pintado dos vados corresponde ao solicitante, realizando o Concello só a sinalización inicial.

**PRP2022/3555**
Dáse conta da seguinte proposta do Enxeñeiro Informático:
No Concello de Vilagarcía está en funcionamento a plataforma informática CIVIDAS e-GOV, da empresa IMATIA INNOVATION S.L.
A plataforma informática CIVIDAS e-GOV está formada por:

- Un rexistro de entrada e saída, tanto presencial como telemático.

- Un seguimento de expedientes con ferramentas de creación, modelización etc
- Unha sede electrónica baseada en tecnoloxía open-source ontimize (sede.vilagarcia.gal).

É obrigatoria a integración das aplicacións informáticas das distintas administracións públicas coas plataformas da administración xeral do estado (AGE), coa finalidade de compartir recursos e facilitar a utilización da administración electrónica á cidadanía. Con tal motivo o Concello de Vilagarcía licitou e está rematando a integración coas seguintes plataformas da AGE:

- Plataforma de Notificacións electrónicas (Notific@) do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Plataforma de Contratación del Sector Público(PLACSP) do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Plataforma de Intermediación de Datos (PID) do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA), creado e regulado no RD 1671/2009 (art.15).
- Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR).
- Sistema de Información Administrativa (SIA).

Actualmente é necesario acometer a integración da plataforma informática CIVIDAS e-GOV coa Carpeta Cidadán da AGE, por ser obrigatorio e necesaria para optar as subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais.
A integración da plataforma informática municipal CIVIDAS e-GOV coa Carpeta Cidadán da AGE consiste en que os cidadáns poidan acceder ao estados dos seus expedientes municipais desde a Carpeta do Cidadán fa AGE, deste xeito facilítaselle o acceso a todos os seus expedientes das distintas administracións dende un único punto.
Esta integración debe ser realizada pola empresa IMATIA INNOVATION S.L. por ser a que desenvolveu a plataforma informática CIVIDAS e-GOV, leva a cabo o mantemento da mesma e realizou o resto de integracións coa AGE con éxito.
ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO INVERSIÓN (IVE incluído): 13.310 €
CIF/NIF: B-36.499.960
DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: 2 MESES.
A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación dos traballos de programación destinados á integración da plataforma informática municipal CIVIDAS e-GOV coa Carpeta Cidadán da Administración Xeral do Estado (AGE) á empresa IMATIA INNOVATION S.L. por un importe de 13.310 € IVE incluído, con cargo á partida 9201-64100.
Debido a natureza dos traballos, este gasto debe imputarse con cargo á aplicación presupuestaria de software do ano 2021 ata esgotala e o resto con cargo á aplicación presupuestaria de software do ano 2022.

**PRP2022/3546**
Dáse conta do escrito presentado por Dona María Isabel Galbán Ouso solicitando unha reserva de aparcamento para discapacitados preto do seu domicilio. Visto o informe da Pollicía Local a Xunta de Goberno Local acorda reubicar a praza de discapacitados situada na rúa Matosinhos, trasladandoo á praza de estacionamento contigua ao paso de péons do número 8 da citada rúa.

**PRP2022/3493**
Dáse conta do escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego solicitando autorización para

ocupacion da vía pública na confluencia das rúas Ramón y Cajal con Alcalde Rey Daviña coa colocación dunha mesa e carpa o 08 de outubro de 2022 en horario de 10:30 a 13:30 horas.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/3500**
Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas recibidas polas dificultades de circulación na Rúa do Colexio de Carril, informando da necesidade de sinalización horizontal e vertical da mesma para evitar as situacións de obstaculización da circulación.
A Xunta de Goberno Local de conformidade co informado acorda que se proceda ao pintado/sinalización do lado dereito da rúa do Colexio(dende a glorieta ata diante do número 5 aproximadamente, onde xa a anchura da clazada alcanza os 7,7 metros)  e pintado/sinalizado de todo o lado esquerdo no mesmo sentido citado, dende a glorieta ata intersección con rúa Extramuros. Quedando exentos con liña discontínua os dous vaos sinalizados 812 e 844.
Dar conta ao Departamento de Obras.

**PRP2022/3592**
Vista a proposta da Area de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o  orzamento presentado por Uniprex S.A.U. para publicitar na emisora Onda Cero Radio a  programación do Curtas - Festival do Imaxinario de Vilagaarcía de Arousa, por un importe total de 1.573,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

**PRP2022/3540**
Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Monte do Gozo - Proxecto Home, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias durante o ano 2022 con cargo á partida orzamentaria 231.48002.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

**PRP2022/3561**
Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra da concesión ó Concello de Vilagarcía de Arousa dunha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023-liña 2, para o proxecto EMPATIZA, por un importe de 5.000,00 €, sendo o orzamento total de 8.808,80€.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/3562**
Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, pola que se concede a este Concello unha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023 (liña 2), para o proxecto "Estimulación

Cognitiva e Psicomotriz", por un importe de 8.181,00€ e, sendo o orzamento total da actividade de 10.944,00€.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**EMPREGO**

**PRP2022/3563**
Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de roupa de traballo dos alumnos dos módulos de carpintería e albanelería e os seus monitores, do Obradoiro de Emprego Forme 2022, por un importe total de 2.896,26€ (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3490**
Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2022, presentada por DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL, NIF: B36562445 con domicilio en CALLE PABLO PICASSO NUM 1 Planta 1 Pta. E 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA), infórmase das circunstancias seguintes:
PRIMEIRO. Por DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL presentouse en data 29/09/2022, solicitude de subvención dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea, interesando a subvención da contratación da traballadora SARA GARCÍA SENRA.
SEGUNDO. Vista a documentación remitida pola entidade solicitante, resulta que no caso da contratación de SARA GARCÍA SENRA o contrato formalizado é de prácticas como PROGRAMADOR JUNIOR con duración dun ano.
TERCEIRO. Tendo en conta o establecido na BASE PRIMEIRA da convocatoria de axudas á contratación por conta allea 2022, con relación ao obxecto das axudas:
O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2022, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de Persoas empadroadas no municipio, con antigüidade mínima de un ano no padrón no momento de iniciarse a contratación, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de decembro de 2021 e 30 de setembro de 2022.
Por tanto, a devandita contratación non é susceptible de subvención con arreglo á convocatoria de axudas municipais a contratación por conta allea 2022, polo que a Xunta de Goberno Local acorda A DENEGACIÓN DA AXUDA SOLICITADA NO EXPEDIENTE DE REFERENCIA.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

**EDUCACIÓN**

**PRP2022/3541**
Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica ( afinación, regulación e entoación) de 13 pianos do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por D Tygran Poghosyan Gharibyan, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D Tygran Poghosyan Gharibyan a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos do Conservatorio Profesional de Música, polo importe de 1.258,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3542**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza para o subministro de material funxible e partituras para o Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2022-2023, por un importe total de 1.825,45€ (IVE incluído) con cargo á partida 3261.22001.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3543**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Digamel Arousa SLU, para o subministro de lámparas e luces led para subsitución das existentes en aulas o Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 1.195,59€ (IVE incluído) con cargo á partida 3261.212.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3557**
Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Komitas Music, S.L. para o subministro dun piano vertical marca Kawai ND21, por un importe total de 4.200,00€ (IVE incluído) con cargo á partida 3262-22199.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MERCADOS**

**PRP2022/3558**
Dáse conta do escrito de Dona Mª Isabel Gómez Vicente, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas e lambetadas, de 4 metros lineais, nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Vilagarcia de Arousa, o día 1 de novembro. Visto o informe do Servizo de Mercados acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.
A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

**PRP2022/3559**
Dáse conta do escrito presentado por Dona María del Carmen Romero Nogueira, en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 28, 29 e 30, 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.
Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos.
Deberán ter instalada a carpa dous días antes destas datas, para que os servicios municipais teñan tempo para facer a decoración e instalación de luz da mesma. Así como se reubicará aos vendedores ambulantes instalados nesta zona.

**PRP2022/3560**
Dáse conta da Orde do 16 de setembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2023, que son:
8 de xaneiro
6 de abril
25 de xuño
26 de novembro
3 de decembro
8 de decembro
10 de decembro
17 de decembro
24 de decembro
31 de decembro
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2022/3498**
Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, para aprobar o convenio para recollida de aceites de cociña usado. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio coa empresa Green Ambiental, S.L.U. para recollida anual de aceite de cociña usado de forma gratuíta, mediante contedores urbanos de exterior, deseñados para tal uso que a empresa instalará en 39 localizacións de Vilagarcía de Arousa

**PRP2022/3544**
Dáse conta da sinatura de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Protectora de animais de Vilagarcía de Arousa para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos en Pinar do rei (Canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas existentes no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, con un período de vixencia de catro anos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do Convenio coa ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMALES DE VILAGARCÍA CIF: G-36252351, para subvención nominativa para a xestión do refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas sitas no término municipal de Vilagarcía de Arousa" no exercicio 2022 con unha subvencion anual de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á partida 311.48404.

**TURISMO**

**PRP2022/3512**
Dáse conta da sinatura do convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento das Festas de San Roque 2022, por estar declaradas de interese Turístico Nacional, polo que a Axencia de Turismo de Galicia achega 25.000,00€ e ABANCA 5.000 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

## CONTRATACIÓN

**PRP2022/3537**
Dáse conta do escrito da Axencia Galega de Infraestruturas concedendo ao Concello de Vilagarcía unha pórroga de seis meses da autorización na zona de dominio público da Estrada PO-549, para finalización das obras Renovación dos Servizos e Humanización da rúa Sobrán. a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2022/3507**
Visto o expediente de gasto INT/2022/444 integrado pola relación de xustificantes F/2022/117 por importe de 33.221,95 €.
Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda:
Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/117 por importe de 33.221,95 € co seguinte desglose:

| REG. | Documento | Fecha Doc. | Importe | Progr. | Econ. | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2022/1535 | Emit- 2561 | 15/02/2022 | 27,23 | 320 | 212 | IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO | MTN HD2 PLATA METALIZADO 400 ML/EX014H0101 / DULIMAX PLUS B 12 ST NCS 2DA ED S 3005-G80Y / |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | EMPRESARIAL, S.L. | IBERSON PLUS ST IBERCOLOR E |
| F/2022/1535 | Emit- 2561 | 15/02/2022 | 139,63 | 334 | 212 | IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L. | MTN HD2 PLATA METALIZADO 400 ML/EX014H0101 / DULIMAX PLUS B 12 ST NCS 2DA ED S 3005-G80Y / IBERSON PLUS ST IBERCOLOR E |
| F/2022/5667 | FACT 0079 | 25/07/2022 | 332,15 | 132 | 22199 | DECORO 2016, S.L. | PANTALON BERMUDA POLICIA LOCAL |
| F/2022/5864 | 2022- 1252 | 01/09/2022 | 1.583,08 | 150 | 22706 | CALIXTO ESCARIZ, S.L.U. | HONORARIOS ( Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes |
| F/2022/5882 | 02148000025122F | 31/08/2022 | 607,59 | 1530 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SERVICIO DE OBRAS: DEPENDENCIAS DE OBRAS. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalaci |
| F/2022/5888 | D-13 2022 | 31/07/2022 | 2.080,00 | 134 | 48401 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | 31/07/2022 RECARGAS TARXETAS VAIBUS DURANTE O MES DE XULLO 2022 (208 RECARGAS SEGÚN RELACIÓN ADXUNTA). (MOBILIDADE). |
| F/2022/5910 | 4003471041 | 31/08/2022 | 9.788,62 | 920 | 22201 | SOC. EST. CORREOS TELEG., SA | Carta Certificada ES 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUDADES) G-1 ( 01 EXENTO ) / Carta Certificada ES 0 - 50 gr D2(RESTO) G-1 ( 0 |
| F/2022/5921 | E 1003414 | 31/08/2022 | 551,05 | 160 | 213 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | REDONDO CORRUGADO DE 8 / CORRUGADO DE 10 / CORRUGADO DE 12 / CORRUGADO DE 20 |
| F/2022/5922 | Emit- 1003415 | 31/08/2022 | 334,95 | 320 | 212 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | T.CUADRADO S.GALVA 20X20X1.5 / T.RECTANGULAR GALVA 60X30X2.00 ( COLEXIO FAXILDE PROMOCION EDUCATIVA OC:L01360600 ) |
| F/2022/5924 | Emit- 1003416 | 31/08/2022 | 52,64 | 1530 | 210 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | REDONDO CORRUGADO DE 8 / ALAMBRE RECOCIDO N.7 |
| F/2022/5933 | 202206152 | 31/08/2022 | 65,01 | 1530 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TORNILLO DIN 933 A-2 M-10X40 / CIEN TORNILLO DIN 933 A-2 M-10X50 / CIEN ARANDELA DIN 9021 INOX M-10 / CIEN ARANDELA |
| F/2022/5934 | 202206153 | 31/08/2022 | 21,94 | 338 | 22699 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TORNILLO 7981 A-2 3,5X19 06X3/4 INOX / DURACELL PILA PLUSP AA(LR06)K8 24BLIS / BROCA DIN 338 HSS RECTIF.Ø02.50MM / |
| F/2022/5935 | 202206154 | 31/08/2022 | 9,30 | 2311 | 215 | CASTROMAN I, S.L. | P-194 CR.MATE ASA 64 / ORDE DE COMPRA Nº 13838 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN VILAS RODRIGUEZ |
| F/2022/5936 | 202206155 | 31/08/2022 | 1,16 | 323 | 215 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TUERCA AUTOBLOCANTE DIN 985 M-10 ZINCADA / CIEN ARANDELA P/ANCHA DIN-9021 M-10 ZINCADA / reparar mesa comedor galiñ |
| F/2022/5937 | 202206156 | 31/08/2022 | 5,51 | 132 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CANDADO LATON 40MM ARCO LARGO |
| F/202 | 202206158 | 31/08/ | 194,07 | 320 | 212 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TORNILLO AUTORROSCANTE |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2/593 9 | | 2022 | | | | | DIN 7504-N 4,8X32 C/RED / BROCA DIN-338 HSS-CO RECT.Ø04.00MM / 3 BITS 25MM PH 2 INDUSTRY SB |
| F/2022/5944 | 202206146 | 15/08/2022 | 56,41 | 132 | 22108 | CASTROMAN I, S.L. | FLEXOMETRO GM-188625/B GOMA 8MX25MM / TIRALINEAS 50GR / 30M / TOPOG FLUOR AMARILLO 500ML / SPRAY MARCADOR ECOMARK AMARIL |
| F/2022/5945 | 202206148 | 15/08/2022 | 24,90 | 132 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | DURACELL PILA ALCAL PLUS AA LR06 K4 20BL / CINTA PRECINTO ACRILICO 48MM*66MM BLANCO / CINTA PRECINTO ECOLOGICO 48MMX132M |
| F/2022/5946 | 202206147 | 15/08/2022 | 26,35 | 1530 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | GUANTE NYLON NITRILO GRIS 5071PG T-10 / GUANTE NYLON NITRILO GRIS 5071PG T-9 / ORDE DE COMPRA Nº13811 / RESPONSABLE DE C |
| F/2022/5947 | 202206145 | 15/08/2022 | 32,29 | 320 | 212 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TACO METALICO 6X60 / COLEGIO DE ESCARDIA / PABLO ACUÑA / ORDE DE COMPRA Nº13754 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN VILA |
| F/2022/6091 | Emit- 179 | 31/08/2022 | 142,24 | 1530 | 22199 | TRITURADOS DO SAIAR, S.L. | GARBANCILLO 12/25 (AG-T-10/20-G) ( ) |
| F/2022/6125 | 2220891 | 31/08/2022 | 1.046,19 | 454 | 210 | CONST., OBRAS Y VIALES, S.A. | Mezcla Bituminosa Caliente tipo D-12 (AC16 SURF 50/70 D), sobre camión en la planta de A Goulla - Meis. / Kg. emulsion e |
| F/2022/6142 | Emit- 396 | 31/08/2022 | 60,98 | 1530 | 210 | INTERMACO, S.L. | BORDILLO 100*25*15*12 ( ORDE DE COMPRA 13914 RESPONSABLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS ) / BORDILLO 100*25*15*12 ( ORDE DE COM |
| F/2022/6147 | Emit- 399 | 31/08/2022 | 77,44 | 1722 | 213 | INTERMACO, S.L. | MECANISMO UNIVERSAL MURAL ( ORDE DE COMPRA 13798 RESPONSBLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) |
| F/2022/6148 | Emit- 400 | 31/08/2022 | 9,32 | 320 | 215 | INTERMACO, S.L. | TACO PREMONTADO INOX 8*80 ( ORDE DE COMPRA 13872 RESPONSABLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS ) / TACO PREMONTADO INOX 6*60 ( ORD |
| F/2022/6169 | 0 220833 | 06/09/2022 | 235,95 | 320 | 212 | CALDERERIA MECANIZADOS AROSA | Fabricar soportes angulos - alb. numero 1/221328 de fecha 01.09.22 - subministro de material para reparar cierre - orde |
| F/2022/6188 | Emit- 12210 | 31/03/2022 | 169,75 | 454 | 213 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | FILTRO DE AIRE ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13127 SERVIZO: CAMIÑOS VECIÑAIS - 454 MATRI |
| F/2022/6189 | Emit- 12342 | 25/04/2022 | 112,69 | 1530 | 214 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | VARILLA NIVEL ACEITE 2338GHV ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13219 SERVIZO: CARRETERAS 453 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2022/6190 | Emit- 12343 | 25/04/2022 | 108,90 | 454 | 213 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | RACING OIL 20W30 MULTIF. 4X5L ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13220 SERVIZO: CAMIÑOS VECIÑ |
| F/2022/6191 | Emit- 12406 | 30/04/2022 | 79,24 | 1530 | 214 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | TIRADOR CAPO C/CABLE BERLINGO ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13314 SERVIZO: CARRETERAS - |
| F/2022/6192 | Emit- 12678 | 07/09/2022 | 147,45 | 132 | 22000 | IMPRENTA AGQ, S.L. | 1 paquete 10 blocs enganche grúa |
| F/2022/6193 | Emit- 12411 | 05/05/2022 | 39,92 | 1530 | 214 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | PASTA DE JUNTAS KRAFFT 75ML ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13337 SERVIZO: CARRETERAS - 45 |
| F/2022/6194 | Emit- 12412 | 07/09/2022 | 211,75 | 454 | 214 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | RACING OIL HIDRAULICO HLP46 20L ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13367 SERVIZO: CAMIÑOS VEC |
| F/2022/6196 | Emit- 12413 | 05/05/2022 | 70,87 | 1530 | 213 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | RODAMIENTO R3 2Z (12.7x4.76x4.978) ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13368 SERVIZO: CARRETER |
| F/2022/6198 | Emit- 12579 | 10/06/2022 | 55,58 | 1530 | 213 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | RUEDA JOKEY REMOLQUE C/ABRAZ. ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13475 SERVIZO: CARRETERAS - |
| F/2022/6199 | Emit- 12580 | 10/06/2022 | 31,46 | 454 | 213 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | ANTICONGELANTE VERDE 30% 4X5L ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13476 SERVIZO: CAMIÑOS VECIÑ |
| F/2022/6206 | Emit- 13026 | 26/08/2022 | 111,14 | 454 | 214 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | RACING OIL HIDRAULICO HLP46 20L ( OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 ORDE DE COMPRA Nº : 13793 SERVIZO: CAMIÑOS VEC |
| F/2022/6213 | 4049146072 | 05/08/2022 | 265,52 | 338 | 22199 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | AFLOJATODO BOLTEX COBRA, 300 ML / CINTA-ADHESIVA-DOBLE-CARA-25MMX1MMX25M / DISCO-LAM-PL-FIB-P40-D115MM |
| F/2022/6216 | 401220302 | 08/09/2022 | 6,49 | 1530 | 213 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | LAMP.LUMILUX L58/865 58W d26 0517933LAMP.LUMILUX L58/865 58W d26 0517933 / CEBADOR S-10 4-65W 220-240V BL.69769126CEBADO |
| F/2022/6224 | 22 4569 | 15/08/2022 | 62,56 | 320 | 212 | SOBRINO G., S.A. | MONOMANDO FREG GROVE / MASILLA ACRÍLICA 280 M1.BCA. / TACO LIJA GRUESO G-36 / TACO LIJA MEDIO G-60 |
| F/2022/6225 | 22 4568 | 15/08/2022 | 1,57 | 1530 | 213 | SOBRINO G., S.A. | CAJA DE PARCHES BICI |
| F/2022/6237 | G0VF 773 | 09/09/2022 | 203,95 | 338 | 22699 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | CODO M. H. 110X87 GRIS / CODO M. H. 110X45 GRIS / OBRA-ASEOS FESTAS / N Albarán: G11A / 2865 Fecha:03 / 08 / 2022 |
| F/202 | G0VF 774 | 09/09/ | 238,14 | 338 | 22699 | GANDARA | TUBO EVACUACION STANDAR Ø90 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2/6238 | | 2022 | | | | GONZALEZ, JUAN A. | 3M / CODO M. H. 90X87 GRIS / CODO M. H. 90X45 GRIS / INJERTO M. H. 90X45 GRIS / INJERTO M |
| F/2022/6239 | G0VF 775 | 09/09/2022 | 47,31 | 338 | 22699 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | CODO H. H. 40X87 GRIS / MT TUBO FLEXIBLE HIDROTUBO Ø40 MM |
| F/2022/6240 | G0VF 776 | 09/09/2022 | 108,65 | 164 | 212 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | MONOMANDO UNA AGUA KÄLLA ONE / TAQ HG 3 / 8-1 / 2 HH L. 30 / VALVULA ESFERA MANG. INOX 1 / 2X2 / 4 / VALVULA ESFERA MAN |
| F/2022/6241 | 20221516 | 31/08/2022 | 227,96 | 1530 | 210 | ARIDOS DEL UMIA, S.A. | M/3 HM-20/B/10/IIa |
| F/2022/6243 | G0VF 777 | 09/09/2022 | 59,53 | 338 | 22199 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | CODO 90 ROSCA HEMBRA 20X1 / 2 PE / RACOR RECTO MACHO 20X1 / 2 PE / TE H. 3 / 4 L-R / REDUCCION HEX. 3 / 4-1 / 2 L-R / |
| F/2022/6246 | 2022- 52 | 09/09/2022 | 310,72 | 9201 | 22002 | ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO | DPTO. INFORMATICA ---- ALBARAN Nº66/22 (5-09-22) PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUI NUÑEZ --- CONCEPTOS ...--- TINTA HP Nº90 |
| F/2022/6254 | 951 221300439 | 09/09/2022 | 38,84 | 454 | 213 | BAYGAR, S.L. | TAPON / FILTRO AIRE / FILTRO DE ACEITE W77 / FILTRO DE COMBUSTIBLE WK723 |
| F/2022/6256 | 951 221300432 | 09/09/2022 | 481,00 | 1720 | 22199 | BAYGAR, S.L. | CEPILLO LATERAL TERRACO 350MM ACERO 3F F540 6A DESBROZ / FILTRO DE ARIE / FILTRO DE AIRE / CARTUCHO FILTRO ACEITE / FILT |
| F/2022/6257 | 951 221300431 | 09/09/2022 | 149,22 | 454 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / ACEITE REPSOL GIANT 7530 DIESEL TURBO THPD 15W40 / ACEITE HIDRAHULICO TRANSMISION REPSOL MATIC ATF |
| F/2022/6258 | 951 221300430 | 09/09/2022 | 72,60 | 1530 | 213 | BAYGAR, S.L. | KIT JUNTAS CILINDRO GIRO 150-DG |
| F/2022/6260 | 951 221300429 | 09/09/2022 | 1.475,57 | 1530 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / ACEITE REPSOL GIANT 7530 DIESEL TURBO THPD 15W40 / VALVULINA TRANSMISION GL-5 80W90 / ACEITE HIDRAULICO M |
| F/2022/6261 | 951 221300428 | 09/09/2022 | 419,87 | 1530 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / DEPOSITO COMBUSTIBLE 5l |
| F/2022/6271 | Rect-MS 2200044 | 14/07/2022 | 786,50 | 1530 | 204 | TALLERES S. IGLESIAS, S.L. | Rect. MS 2200044 / ALQUILER NISSAN NAVARA PICK UP DOBLE CABINA, MATRICULA 9243LFX, PARA O SERVICIO DE VIAS PUBLICAS. PER |
| F/2022/6277 | 22 4932 | 08/09/2022 | 2,69 | 2311 | 22199 | SOBRINO G., S.A. | ESCARPIA ROSCADA 16x30 Z / ESCARPIA ROSCADA 17x40 Z / ESCARPIA ROSCADA 18x50 Z |
| F/2022/6278 | 22 4934 | 08/09/2022 | 157,43 | 320 | 212 | SOBRINO G., S.A. | ENLACE LATÓN PE 32mm / TE LATÓN PE R/H 32-1 / CODO LATÓN PE R/M 32-1 / T BCA C/R PH 7504-N 4.8x32 Z / CERRADURA 5124-A/1 |
| F/202 | 22 4933 | 08/09/ | 287,77 | 1530 | 212 | SOBRINO G., S.A. | CERRADURA 5124-A/10 DCHA. / |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2/6279 | | 2022 | | | | | BISAGRA SOLDAR LARGA BESL-120x160 / BISAGRA SOLDAR LARGA BESL-120x160 / PASADOR BICROMATADO |
| F/2022/6329 | 202206599 | 15/09/2022 | 74,71 | 132 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | BRIDA NYLON NEGRA 4.8X200 BOLSA 100 / BRIDA NYLON NEGRA 4.8X250 BOLSA 100 |
| F/2022/6335 | FV22SN 00311 | 11/08/2022 | 242,00 | 3261 | 22706 | FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL | SERV VTA ENT-FESTIVAL CLASCLAS 2022- AY VILAGARCIA-Según orzamento Ataquilla AT/VILAG/002-Gasto aprobado XGL na sesión d |
| F/2022/6478 | F067/22 1 | 20/09/2022 | 2.653,53 | 150 | 640 | FB2 ESTUDIO DE INGENIERIA, S.L. | F067/22 ( Proyecto Básico y Ejecución para ensanchamiento de vial frente a IES Castro Alobre ) |
| F/2022/6546 | 22276 | 31/08/2022 | 490,90 | 1720 | 22199 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPARACION DESBROZADORAS. MEDIO AMBIENTE |
| F/2022/6547 | 22277 | 31/08/2022 | 402,17 | 1720 | 22199 | PADIN SILVA, FRANCISCO | MATERIAL PARA REPARACION ROZADORA. MEDIO AMBIENTE |
| F/2022/6729 | KM 220315 | 30/09/2022 | 2.700,00 | 241 | 22799 | KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L | CURSOS AULA CEMIT SEPTIEMBRE 2022 ( ) / Procesador de Textos 45 horas / Deseño de Contidos Interactivos: Canva e Genia |
| F/2022/7080 | KM 220356 | 04/10/2022 | 2.610,00 | 241 | 22799 | KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L | CURSOS AULA CEMIT OCTUBRE 2022 / Iniciación á Informática e Internet para Adultos 45 horas / Retoque Fotográfico 42 hora |
| | | TOTAL | 33.221,95 | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:05 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.